

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 15 DE ABRIL DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a modificación dos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de GLP

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se propón que o Parlamento de Galicia aprobe o II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013
- Acordo polo que se aproba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o Proxecto Sectorial da cidade do moble da Estrada (Pontevedra)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as comunidades autónomas de Galicia e Castela León, para a modernización e conservación das estradas ZA-102 e OU-124
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) a prórroga da contratación da "subministración de gas natural para as instalacións de Complexo Ambiental de Cerceda"

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de Colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución das obras de saneamento na avenida Ricardo Sánchez

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria para establecer un único anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías, a favor da Xunta de Galicia, regulada no convenio de colaboración entre esta Consellería e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia, para o desenvolvemento do creación do Clúster da Auga de Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Bandas de Música Populares, para a realización do IV Certame Galego de Bandas de Música e do II Concurso de Composición para Bandas de Música, por un importe total de cento sesenta e catro mil euros (164.000,00 €)

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o gasto de quince millóns setecentos mil euros (15.700.000 euros), IVE excluído, correspondente á contratación da redacción de proxecto de execución das obras da nova lonxa no porto de Ribeira (A Coruña)

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de modernización administrativa e o borrador do decreto que regula a implantación e o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan *Hurbe* 2010-2013. Humanización, Urbanización e Equipamentos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Comisión autonómica de Farmacia e Terapéutica

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, a modificación dos estatutos do Consello Galego de Enxeñeiros Industriais para adaptalos á normativa vixente, á Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

O obxecto do Decreto é a aprobación da modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, O estatutos do colexio de referencia foron aprobados por Decreto 70/2005, e adaptados á Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Decreto 160/2007.

A modificación estatutaria obxecto deste decreto responde á necesidade de incluír como entidades colexiadas ás sociedades profesionais, ao sinalar a Lei 2/2007, de sociedades profesionais, na súa disposición adicional terceira, que será de aplicación a todos os profesionais que exerzan profesións nas que a colexiación sexa obrigatoria e para cuxo desempeño sexa necesario acreditar titulación universitaria oficial, e inscrición no colexio profesional correspondente.

A modificación de estatutos aprobada reúne os requisitos establecidos na normativa vixente, especialmente na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no que respecta ao contido estatutario, como ao procedemento de tramitación, correspondendo a súa aprobación definitiva á Xunta de Galicia, mediante decreto, que contén o texto consolidado dos estatutos do colexio.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESBLOQUEA O DESENVOLVEMENTO DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE GAS PARA BENEFICIAR O TECIDO EMPRESARIAL E OS CIDADÁNS DE GALICIA

- *O Consello da Xunta dá o seu visto e praxe ao decreto elaborado pola consellería que dirixe Javier Guerra e que regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de GLP*
- *O Decreto, o primeiro das súas características que se desenvolve en España, permitirá superar a parálise anterior herdada, e recuperar o desenvolvemento das redes de distribución gasistas no noso territorio, co conseguinte beneficio para o tecido empresarial e os cidadáns de Galicia*
- *Este Decreto coincide co obxectivo da Xunta, que non é outro que dentro do marco da planificación enerxética, traballar para a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o noso tecido empresarial e outorgue calidade de vida para a cidadanía galega*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto elaborado pola Consellería de Economía e Industria polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de GLP.

Este Decreto, o primeiro das súas características que se desenvolve en España, sitúa a Galicia á vangarda, permitirá superar a parálise anterior herdada e recuperar o desenvolvemento das redes de distribución gasistas no noso territorio, co conseguinte beneficio para o tecido empresarial e os cidadáns de Galicia.

Deste xeito, o Goberno da Xunta senta as bases para resolver, dunha vez por todas, un problema derivado do desenvolvemento na distribución de GLP e gas natural, que trouxo consigo a aparición de novas empresas distribuidoras interesadas na gasificación de certas zonas do noso territorio, o que fai preciso regular a forma de resolución no suposto de concorrencia de varias solicitudes de autorización administrativa para as mesmas instalacións.

O decreto que autoriza o Consello da Xunta desenvolve o real decreto que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural e GLP, porque establece unha forma de resolución no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización.

Con base nesta situación, o decreto elaborado pola Consellería de Economía e Industria regula o trámite de competencia e os criterios de valoración que se van ter en conta no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

suposto de concorrencia de solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de GLP. Estes criterios contan co beneplácito do Consello Consultivo de Galicia, e fan referencia aos gasodutos de transporte secundario e os ramais de distribución de gas natural, as redes de distribución de gas natural e as redes de distribución para GLP.

En canto aos criterios de valoración para gasodutos de transporte secundario e ramais de distribución de gas natural, que son os que conectan coas redes de distribución nos núcleos de poboación, destacan os de ser titular de autorizacións administrativas, precisamente, de redes de distribución ás que se vaian conectar, a idoneidade do trazado, as características técnicas do proxecto, o prazo de execución e o orzamento.

No canto das redes de distribución de gas natural, que son as que están nos núcleos de poboación, valorarase ser titular de autorizacións administrativas de redes de distribución en vilas próximas, o prazo de inicio da subministración, a extensión da rede, o orzamento, e a solución técnica adoptada, entre outros.

Pola súa banda, os criterios de valoración para redes de distribución de GLP, que deberán deseñarse e construírse de xeito que resulten compatibles para a distribución de gas natural, valorarán ser titular de autorizacións administrativas de redes de distribución de GLP en núcleos de poboación próximos, o prazo de inicio da subministración, a extensión da rede, o orzamento, e a solución técnica adoptada.

Este Decreto coincide co obxectivo da Xunta, que non é outro que dentro do marco da planificación enerxética, traballar para a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o noso tecido empresarial e outorgue calidade de vida para a cidadanía galega. Para acadar este obxectivo, a Consellería de Economía e Industria asume que cómpre garantir a subministración de gas canalizado ao maior número posible de núcleos de poboación de Galicia.

A XUNTA APOSTA POR UNHA MAIOR EFICACIA E CALIDADE DA COOPERACIÓN GALEGA PARA OS VINDEIROS CATRO ANOS

- *O Consello da Xunta aprobou o II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013, que agora será remitido ao Parlamento*
- *O documento potencia as convocatorias públicas de axudas como a principal forma de canalizar os fondos destinados á cooperación*
- *O Consello tamén deu o seu e prace ao Plan Anual 2010 de Cooperación Galega para o Desenvolvemento, dotado de máis de 10 millóns de euros*

O Consello da Xunta vén de aprobar o II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013 que aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, facéndoa máis selectiva, concentrada sectorialmente, cunha programación mellor estruturada e con compromisos claros e concisos.

O documento busca unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia. Neste sentido, propón a cooperación en sectores nos que a comunidade galega poida ofrecer unha experiencia e coñecementos específicos, como a pesca ou a acuicultura, así como a colaboración con países de fala lusófona ou aqueles latinoamericanos onde hai cultura de cooperación dos nosos axentes.

Ademais, relacionado tamén coa aposta da Xunta de Galicia polo fortalecemento do sistema galego de cooperación, fomenta a integración máis activa das comunidades galegas nas intervencións de desenvolvemento. O obxectivo é que estes axentes de cooperación poidan formular proxectos de calidade nos seus países respectivos e así obter financiamento con independencia de que se atopen ou non en territorios cualificados como prioritarios. Así mesmo, para mellorar as capacidades técnicas e operativas da propia Administración galega o plan prevé elaborar unha proposta de creación dunha Axencia Galega de Cooperación.

Polo que respecta ás prioridades xeográficas, o novo Plan Director establece como países prioritarios a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique, xunto á poboación saharauí, en África; Perú, Ecuador e Bolivia, en América do Sur; Haití e República Dominicana, no Caribe; e Honduras, O Salvador, Nicaragua e Guatemala, en Centroamérica.

Axudas públicas para canalizar os fondos

A principal forma de canalizar efectivamente os fondos destinados a cooperación que recolle o novo plan director serán as convocatorias públicas de axudas para actividades de cooperación, para as que o pasado 11 de marzo o Consello da Xunta aprobou catro convocatorias deste tipo cun orzamento de cinco millóns de euros. Así mesmo, estas axudas públicas convivirán coa cooperación directa, a que realiza a Xunta cos seus propios recursos técnicos, e cos convenios de cofinanciamento con outras entidades para a posta en práctica de actividades de cooperación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No plano económico, o escenario orzamentario previsto neste II plan director da Cooperación Galega 2010-2013 é o de incrementar paulatinamente os recursos para cooperación co obxectivo de que, ao final do plan, e se a evolución económica así o permite, se acade, como mínimo, un incremento de entre un 50% e un 100% dos recursos dedicados á cooperación en 2009.

O II Plan Director para a Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013 pretende ser unha ferramenta útil, compartida por toda a sociedade galega, que lle permita a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada aos procesos de desenvolvemento dos países do sur, partindo do recoñecemento das dificultades que para todos representan as especiais condicións económicas que caracterizan o momento presente.

Así, unha vez analizadas as debilidades e deficiencias do anterior Plan, o correspondente ao período 2006-2009, os criterios que van inspirar a política de cooperación do Goberno galego nos vindeiros anos serán a eficacia e a concentración da axuda, a previsibilidade e o aumento dos recursos, a transparencia na xestión, a coherencia de actuacións, a participación social e a coordinación de actores.

O plan foi informado positivamente por unanimidade polos órganos de coordinación e asesoramento da Cooperación Galega nas reunións celebradas o pasado 5 de marzo e a continuación, tras a aprobación esta mañá polo Consello da Xunta, presentarase ante o Parlamento galego para a súa aprobación definitiva.

Plan anual 2010

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén deu o seu visto bo ao Plan Anual 2010 de Cooperación Galega para o Desenvolvemento, o informe que recolle o conxunto de actuacións que a Xunta de Galicia está a desenvolver no eido da cooperación ao desenvolvemento durante este ano, o primeiro do II Plan Director.

O Plan 2010 foi elaborado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e conta cun orzamento de 10.206.804 euros, dos cales 300.000 serán achegados pola Consellería do Mar. Nel se recolle que o recorte orzamentario destinado a cooperación exterior non afectará ás dotacións financeiras das convocatorias públicas de subvencións, que suporán no seu conxunto máis do 60% do total dedicado á cooperación ao desenvolvemento este ano. Tampouco afectará aos compromisos adquiridos nas resolucións de convocatorias públicas de axudas e nos convenios asinados en anos anteriores con anualidade 2010.

Neste sentido, xa se teñen publicado convocatorias públicas de subvencións para proxectos de cooperación no exterior, actividades de educación para o desenvolvemento, proxectos de fortalecemento e consolidación de ONGD, por un importe de cinco millóns de euros e, en breve, publicarase as axudas a microproxectos no exterior promovidos por organizacións non gobernamentais. Ademais, os convenios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de cofinanciamento de actuacións utilizaranse para dar continuidade ás Iniciativas de Desenvolvemento Integral que desde o ano 2008 se están levando en Guatemala e República Dominicana; así como para o programa sectorial de apoio á pesca artesanal en Centroamérica, en colaboración coa Consellería do Mar, e para a posta en marcha de novos programas en cabo verde ou Mozambique.

Fundación Axencia Humanitaria de Galicia

A Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG) é obxecto dun punto específico no Plan 2010 no que destacan as seguintes novidades: a publicación dunha convocatoria aberta e permanente de axudas para accións humanitarias; a creación dun Fondo de Emerxencias dotado economicamente e de material; a implementación dun Plan de Formación para profesionais e organizacións galegas de acción humanitaria e a elaboración dun protocolo de actuación conxunta ante emerxencias que asegure a coordinación e complementariedade entre todos os doantes.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO SECTORIAL DA CIDADE DO MOBLE DA ESTRADA

- *Esta declaración permitirá continuar a tramitación do proxecto*
- *A actuación está incluída no Plan se Solo Empresarial 2009-2015*
- *O proxecto sectorial foi modificado para minimizar os problemas ambientais derivados da presenza na zona de bacías fluviais e humidais*
- *Segundo o proxecto sectorial, a Cidade do Moble da Estrada disporá dun total de 367.852,67 metros cadrados, dos que 224.751,55 serán de uso industrial*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá declarou a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada o que permitirá continuar coa tramitación do dito proxecto ao tempo que se elabora o Plan de Solo Empresarial no que se atopa incluída esta actuación.

Os criterios e obxectivos xerais do Proxecto Sectorial da Cidade do Moble da Estrada que guían a ordenación pódense resumir nos seguintes:

- Creación dunha nova área industrial que permita a conformación da futura Cidade do Moble da Estrada. Dáse resposta a unha análise previa de sinerxías e dotación de espazos de usos comúns para a localización de empresas relacionadas co sector do moble.
- Especialización do polígono. Establécense zonas específicas para actividades vinculadas ao sector do moble, con localización, xeometría, dimensións e usos especializados.
- Integración axeitada das industrias xa existentes. A ordenación presentada é compatible coas actividades en uso da zona, vinculadas principalmente á estrada N-640.
- Integración ambiental e paisaxística. Criterio e obxectivo clave dado o límite natural constituído polo río Liñares, potenciando o corredor ecolóxico existente.
- Dotar o polígono dun acceso rodado axeitado. Tendo en conta o desenvolvemento do polígono en ambas marxes da estrada N-640 debe concretarse acceso máis efectivo desde esta.

A futura Cidade do Moble ocupará unha superficie de 367.852,67 metros cadrados, dos que 224.751,55 serán de uso industrial e o resto corresponderá a servizos comúns, equipamento, zonas verdes, rede viaria e de aparcamento, etc.

O proxecto sectorial declarado hoxe de ámbito supramunicipal supón unha modificación respecto do que xa estaba en tramitación, ao ter en conta os condicionantes ambientais indicados pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como son a presenza de elementos de especial relevancia como o río Liñares, o rego de Matamulleres e o humidal de Lagartóns, catalogado no Inventario de Humidais de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Desta maneira, os principais cambios no proxecto consisten na modificación do seu ámbito, que se despraza para separalo das bacías fluviais existentes na zona, deixando unha franxa de protección.

Antecedentes

A idea dunha Cidade do Moble na Estrada nace en 2003, cando Xestur Pontevedra encarga un estudo de viabilidade que concluíu que a creación dun polígono especializado que aglutinase as necesidades do sector do moble lograría os seguintes obxectivos:

- Profesionalización do sector.
- Incremento da cooperación empresarial.
- Creación dun produto competitivo a nivel global, que non soamente se limitase á zona de influencia das empresas do municipio.
- Rotura das restricións xeográficas.
- Redución dos custos de produción, mediante unha diminución dos gastos de materias, materiais auxiliares e custos loxísticos.
- Agrupación do *know-how* do sector e aproveitamento das sinerxías existentes

Posteriormente, en xuño de 2005 asinouse un convenio de colaboración entre o IGVS, o concello da Estrada, Xestur Pontevedra e a Asociación de Empresarios de Lagartóns, para o desenvolvemento do Proxecto Sectorial da Cidade do Moble.

Dado que esta actuación non estaba recollida no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado en maio de 2004, era necesaria unha modificación puntual do dito Plan Sectorial para incorporar a Cidade do Moble.

O goberno bipartito, publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 8 de maio de 2008 o anuncio polo que se somete a información pública a modificación puntual do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia para a inclusión da Cidade do Moble da Estrada nas súas actuacións, pero pouco despois, o 31 de xullo de 2008, inicia os trámites para deixar sen efecto o dito Plan Sectorial, polo que non se puido realizar a súa modificación puntual incluíndo a Cidade do Moble.

A declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial serve para salvar os problemas derivados da dita decisión e permite continuar coa súa tramitación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO APROBA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS GOBERNOS GALEGO E CASTELÁN-LEONÉS PARA A MODERNIZACIÓN DUN VIAL QUE DISCORRE POLAS PROVINCIAS DE ZAMORA E OURENSE**

- *O obxectivo é a modernización e conservación da estrada que comunica a localidade zamorana de Porto coa N-525 e a Autovía das Rías Baixas*
- *A vía de máis de 26 quilómetros discorre na súa maior parte pola provincia de Zamora pero nun tramo de aproximadamente 8 quilómetros faino pola provincia de Ourense*
- *O orzamento ascende a máis de 11 millóns de euros, dos que a práctica totalidade será achegados polo goberno castelán*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre as comunidades autónomas de Galicia e Castela León para a modernización e conservación das estradas ZA-102 e OU-124 (A-52- Porto), que comunican a localidade zamorana de Porto coa estrada N-525 e a Autovía das Rías Baixas. Trátase en realidade dunha mesma vía de máis de 26 quilómetros que discorre na súa maior parte pola provincia de Zamora pero nun tramo de aproximadamente 8 quilómetros faino pola provincia de Ourense.

A Xunta de Galicia colabora técnica e economicamente coa Junta de Castilla y León para a execución das presentes obras, cuxo orzamento ascende a máis de 11 millóns de euros, dos que a práctica totalidade será achegados polo goberno castelán. As citadas comunidades autónomas establecen un acordo debido á súa situación xeográfica de proximidade. Neste caso, é preciso coordinar as actuacións en materia de infraestruturas viarias co fin de xuntar os esforzos das administracións en beneficio dos cidadáns.

A finalidade común é lograr que a modernización e conservación da estrada que une as localidades de Porto, Barjacoba, Barrio de la Vega, Pías e Villanueva de la Sierra, todas elas na provincia de Zamora, coa N-525 e a Autovía das Rías Baixas. O enlace que conecta as estradas ZA-102 e OU-124 coa A-52 está situado na provincia de Ourense.

A sección transversal actual da estrada está formada por unha calzada dun máximo de 4,5 metros de ancho sen beiravías. O acondicionamento da dita estrada proxecta unha sección con dous carrís de 3 metros cada un e sendas beiravías de 0,5 metros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de actuacións, pretende achegar seguridade e comodidade ás estradas, ademais de mellorar a rede de estradas entre a comunidade galega con outras autonomías próximas, neste caso, Castela León.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Obrigas**

Por unha parte, a Junta de Castilla y León comprométese a licitar e contratar as obras, executalas e dirixilas. Tamén levará a cabo a expropiación dos terreos necesarios e a reposición dos servizos afectados.

Por outra parte, a Xunta debe achegar a dispoñibilidade dos terreos precisos para realizar o acondicionamento nos 8 quilómetros que discorren por Galicia. Ademais, facilitará os permisos e tramitacións para proceder á execución dos traballos no territorio galego.

Cómpre sinalar que se constituirá unha comisión de seguimento integrada por dous representantes da Dirección General de Carreteras e Infraestructuras, do Goberno castelán- leonés, e outros dous da Dirección Xeral de Infraestruturas, da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA, POR UN IMPORTE DE 10.755.536 EUROS, A PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL AO COMPLEXO AMBIENTAL DE SOGAMA**

- *A punto de concluír a primeira anualidade, o expediente de contratación permite prórrogas voluntarias, ano a ano, ata un máximo de cinco.*
- *A adxudicataria do servizo, Unión Fenosa Gas Comercializadora, S.A, encargárase deste mesmo durante un ano máis, debendo atender en todo momento as especificacións técnicas do combustible*
- *O gas natural constitúe un elemento necesario para o funcionamento do Complexo Ambiental de Cerceda, toda vez que alimenta a Planta de Coxeración, onde se produce a enerxía necesaria para o propio autoconsumo das instalacións e calor para o secado de fracción de residuos non reciclable, ao tempo que serve como combustible auxiliar na Planta Termoeléctrica*
- *As previsións de consumo de gas nas instalacións de Sogama oscilan entre os 450.000.000 kWh/ano e 500.000.000 kWh/ano, establecéndose en 1.950.000 kWh a cantidade diaria máxima que se vai contratar*

O Consello da Xunta autorizou a prórroga, por un ano, do contrato de subministración de gas natural ao Complexo Ambiental de Sogama en Cerceda, unha actuación que, cun importe de 10.755.536,07 euros, se financiará con cargo ao orzamento de explotación desta sociedade pública, correspondendo o desembolso de 6.733.859,87 euros ao período comprendido entre o 21 de abril e o 31 de decembro do ano en curso, e os 4.021.676,20 euros restantes aos catro primeiros meses do 2011, do 1 de xaneiro ao 20 de abril.

A primeira anualidade deste expediente foi aprobada, na sesión con data 18 de decembro de 2008, polo daquela Consello da Xunta, podendo prorrogarse voluntariamente ano a ano de forma expresa ata un máximo de cinco.

A adxudicataria deste servizo a través de concurso público, Unión Fenosa Gas Comercializadora, S.A, formalizou o contrato coa Sociedade Galega do Medio Ambiente o 24 de abril de 2009. Neste recóllanse as especificacións técnicas do combustible e condicións de subministración, así como a estimación do custo anual, elaborada conforme unha fórmula de cálculo na que interveñen unha serie de parámetros que poden sufrir grandes variacións durante o período da prórroga; tal é o caso da evolución do prezo do petróleo (fixada en 76,257641 dólares) e o tipo de cambio euro/dólar (establecido en 1,395588 dólares).

Elemento necesario

Caracterizado pola súa versatilidade, combustión limpa e eficaz, e menor produción de CO₂ fronte a outros combustibles fósiles, o gas natural canalízase ata o Complexo Ambiental a través dun gasoduto que, cunha lonxitude aproximada de 11 quilómetros, ten a súa orixe no municipio coruñés de Abegondo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Este combustible alimenta os seis motores da Planta de Coxeración que, cunha potencia instalada de 22 Mw, produce enerxía para o propio autoconsumo das instalacións e calor para o secado da fracción fina (menor de 120 mm) dos residuos non reciclables. Así mesmo, actúa como elemento auxiliar na Planta Termoeléctrica, onde se somete a valorización enerxética o Combustible Derivado de Residuos (CDR) producido na fase anterior, xerando enerxía eléctrica suficiente coa que abastecer 100.000 fogares (unha cidade de tipo medio).

O gas natural debe reunir as características indicadas en cada momento pola lexislación vixente na materia (Normas de Xestión Técnica do Sistema), realizándose a súa subministración conforme as necesidades da infraestrutura industrial desta Sociedade pública, prevéndose un consumo anual de entre 450.000.000 kWh/año e 500.000.000 kWh/año, e establecendo en 1.950.000 kWh a cantidade diaria máxima que se vai contratar.

Para medir os consumos, a cabeceira do ramal de gas conta cunha Estación de Regulación e Medida -ERM- (con sistema de teledata instalado) de Enagás, principal empresa transportista de gas natural en España. Non obstante, Sogama tamén conta nas súas instalacións cunha ERM e os correspondentes contadores e correctores de medida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 200.000 EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

- *O obxectivo desta actuación será mellorar a infraestrutura de saneamento na rúa Ricardo Sánchez para, posteriormente unila ao futuro colector do Paseo Marítimo*
- *O proxecto consistirá na instalación de dous tipos de colectores para separar as augas residuais das augas pluviais*
- *O prazo de execución da obra finaliza o 31 de decembro do vindeiro ano, sendo beneficiarios máis de 8.000 habitantes do Concello*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Pontedeume, na Coruña. A finalidade deste acordo é executar unha rede de colectores que permitan sanear a rúa Ricardo Sánchez para, posteriormente, unilos ao colector do Paseo Marítimo que se prevé executar nunha seguinte fase. Medio Ambiente financiará a totalidade da infraestrutura por un importe de 231.988 euros.

O obxectivo das obras será mellorar a infraestrutura de saneamento do Concello de Pontedeume e dotar os cidadáns dun servizo público básico.

Obras de saneamento

A actuación consistirá na instalación de dous tipos de colectores para separar as augas residuais das pluviais. Por un lado, instalaranse colectores destinados á recollida de augas residuais e outros colectores terán como cometido a recollida de augas pluviais. Os colectores de augas residuais terán unha lonxitude de 292 metros. Con respecto aos colectores destinados á recollida de augas pluviais, a súa medida será de 248 metros de lonxitude.

Nas conexións coa rede xeral do concello, instalaranse aliviadoiros para que, no caso de exceso de caudal na rede de saneamento de augas residuais, verta nos colectores de augas pluviais. Esta medida adoptarase ata que non se complete a separación total dos dous tipos de colectores. Así mesmo, evitarase a saturación da rede de saneamento a causa da choiva que chegue a través das vellas redes unitarias.

Seguidamente, tras a instalación dos colectores as augas pluviais verterán na ría a espera da construción futura dun tanque de almacenamento

Obrigas das administracións

A Consellería de Medio Ambiente, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, financiará a actuación xa que se trata dunha obra de marcado carácter público e da prestación dun servizo municipal. Ademais, a Administración autonómica resérvase o dereito de inspeccionar as obras tanto na súa execución coma no seu remate.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Concello de Pontedeume ten a obriga de redactar o proxecto técnico das obras, realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos e licenzas para, finalmente, contratar e executar as obras. Ademais, deberá presentar antes do 30 de novembro deste ano e do vindeiro 2011 os xustificantes do gasto ao cal foi destinada a subvención.

Establecerase unha Comisión de Seguimento, formada por un representante de cada unha das partes, a cal velará polo cumprimento deste e interpretará as dúbidas que poidan xurdir ao longo da duración do Convenio.

O prazo de finalización da obra é o 31 de decembro do vindeiro ano, data na que tamén se pecha este convenio. Os beneficiarios da obra de saneamento serán máis de 8.000 habitantes do concello coruñés de Pontedeume.

ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA A CREACIÓN DO PRIMEIRO CLUSTER DA AUGA DE GALICIA CUN ADIANTO DO 80% DA SUBVENCIÓN PARA A SÚA FUTURA CONSTITUCIÓN

- *O Consello da Xunta permite á Consellería que dirixe Javier Guerra desenvolver esta importante medida dentro do marco básico do convenio que a Consellería de Economía e Industria vai subscribir coa Asociación Galega da Propiedade Balnearia para que esta acometa o desenvolvemento do proceso de creación do primeiro Cluster da Auga de Galicia*
- *Este proxecto de acordo permitirá a Asociación Galega da Propiedade Balnearia dispoñer dos cartos necesarios para o desenvolvemento do proceso de creación da alianza empresarial sen ter que acudir á obtención de crédito ante as entidades financeiras*
- *O futuro Cluster da Auga de Galicia aglutinará a todos os axentes socioeconómicos vinculados co recurso da auga mineral, termal, ou de manancial de Galicia ata chegar ao cento de empresas*
- *A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, vén apostando dende comezo da lexislatura por unha política de creación e consolidación de clusters empresariais como instrumento de impulso daquelas accións que poidan xerar unha mellora da vantaxe competitiva das empresas que, pola súa vez, impulsen a competitividade de Galicia*

O Consello da Xunta vén de autorizar a Consellería de Economía e Industria a establecer un único anticipo do 80% do importe da subvención que a Xunta concederá á Asociación Galega da Propiedade Balnearia para o desenvolvemento do proxecto de creación do primeiro Cluster da Auga de Galicia, que ten o obxectivo de aglutinar un cento de empresas.

Deste xeito, o Consello da Xunta permite á Consellería que dirixe Javier Guerra desenvolver esta importante medida dentro do marco básico do convenio que a Consellería de Economía e Industria vai subscribir coa Asociación Galega da Propiedade Balnearia para que esta acometa o desenvolvemento do proceso de creación do primeiro Cluster da Auga de Galicia.

Para o financiamento deste convenio, a Consellería de Economía e Industria achegará a cantidade de 80.000 euros, dos que adiantará, nun único pagamento anticipado, 64.000 euros, correspondente ao 80% da citada subvención, e sen necesidade da constitución de garantía por parte do beneficiario.

Este proxecto de acordo permitirá a Asociación Galega da Propiedade Balnearia dispoñer dos cartos necesarios para o desenvolvemento do proceso de creación do primeiro Cluster da Auga de Galicia sen ter que acudir á obtención de crédito ante as entidades financeiras e garantindo así que non deixe de acometer novos proxectos que poden dar lugar á mellora da competitividade do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A decisión da Consellería de Economía e Industria respalda ademais deste xeito os traballos xa iniciados dende comezo de ano por parte da Asociación Galega da Propiedade Balnearia para a creación do Cluster da Auga de Galicia, e evita que poida ter problemas de tesourería para a consecución da constitución desta asociación estratéxica de empresas.

O futuro Cluster da Auga de Galicia aglutinará todos os axentes socioeconómicos vinculados co recurso da auga mineral, termal, ou de manancial de Galicia, e o convenio que se asinará proximamente reflicte, ademais do traballo para a constitución formal da alianza estratéxica, a obtención dun Plan Director de Actuacións no que analicen de forma priorizada as principais accións a desenvolver no futuro, e a xeración dunha dinámica de cooperación entre as actividades empresariais relacionadas co recurso auga para favorecer a súa mellora competitiva e xerar riqueza, valor e emprego en todo o territorio galego.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, ven apostando dende comezo da lexislatura por unha política de creación e consolidación de clusters empresariais como instrumento de impulso daquelas accións que poidan xerar unha mellora da vantaxe competitiva das empresas que, pola súa vez, impulsen a competitividade de Galicia.

As accións da Consellería de Economía e Industria frutificaron, ata o de agora, na creación do primeiro Cluster da Xeotermia de Galicia e España, e no nacemento do potente e primeiro Cluster da Pedra Natural como unha fórmula para avanzar na internacionalización e no desenvolvemento da I+D+i nun sector estratéxico para a Comunidade Autónoma que factura 800 millóns de euros anuais e emprega máis de 10.000 traballadores dun xeito directo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA DESTINARÁ 164.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DUN CERTAME DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES E DUN CONCURSO DE COMPOSICIÓN**

- *A Consellería de Cultura e Turismo e a Federación Galega de Bandas de Música Populares asinarán un convenio de colaboración para a celebración neste ano do IV Certame Galego de Bandas de Música e do III Concurso de Composición para Bandas de Música*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para a realización do IV Certame Galego de Bandas de Música e do III Concurso de Composición para Bandas de Música. A Consellería destinará un total de 164.000 euros para a organización e desenvolvemento destes dous eventos musicais durante este ano 2010.

En virtude deste acordo, a Federación Galega de Bandas de Música Populares organizará no mes de novembro o IV Certame Galego de Bandas de Música, onde poderán participar ata un máximo de 21 agrupacións. As bandas seleccionadas realizarán así mesmo un concerto previo ao certame en distintas localidades de Galicia que se incluírá na programación do Xacobeo 2010.

A FGBMP tamén organizará o III Concurso de Composición para Bandas de Música, no que un xurado de recoñecido prestixio de ámbito nacional e internacional avaliará todas as composicións presentadas. Todas as obras finalistas serán estreadas no último trimestre do 2010 pola Banda Sinfónica da FGBMP e se entregará un premio ao gañador de cada unha das especialidades. O concurso de composición é testemuña da calidade artística e musical dos nosos compositores e do patrimonio musical co que conta Galicia.

A Consellería de Cultura e Turismo e a FGBMP consideran a música popular galega como unha das vías de expresión artística mellor consolidadas en Galicia e recoñecen a tradición fondamente enraizada do papel das bandas de música galegas, agrupacións que constitúen un vehículo fundamental para levar a música profesional a todos os núcleos de poboación de demografía sumamente dispersa. Así mesmo, a súa grande actividade e a súa presenza constitúen unha das saídas fundamentais para as persoas dedicadas á interpretación universal con formación regrada, ben como medio para desenvolver a capacidade artística ou ben para iniciar cara a outras formacións de aspirantes máis amplas.

Papel fundamental de dinamización cultural

A Federación Galega de Bandas de Música Populares, ao igual que asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro, levan a cabo unha importante actividade cultural que contribúe ao desenvolvemento, mellora e difusión da nosa cultura, tanto na propia comunidade como cara ao exterior. A Federación vén desenvolvendo un labor de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

continuidade no campo da promoción e a difusión da cultura en galego en xeral e da música en especial e para unha maior eficacia se considera que a cooperación con esta entidade beneficia enormemente á cultura galega.

A FGBMP está integrada por 88 bandas, aglutinado a maioría das bandas de Galicia fundamentalmente asentadas en concellos rurais, polo que o seu ámbito de actuación resulta decisivo para o desenvolvemento de vocacións con residencia fóra das cidades, para as que, á parte da propia competencia, a situación xeográfica se converte nun obstáculo para acceder ás agrupacións dos grandes núcleos. A FGBMP, dentro da súa función de asentamento da cultura musical na sociedade galega, desenvolve un papel fundamental de dinamización, coordinación e expresión para todos os seus membros.

A CONSELLERÍA DO MAR APOSTA POR REFORZAR A COMERCIALIZACIÓN DANDO LUZ VERDE Á LICITACIÓN DAS OBRAS DA LONXA DE RIBEIRA

- *O Consello da Xunta autorizou o gasto de máis de 15. 700.000 euros para a redacción do proxecto e a execución das obras da nova lonxa no Porto de Ribeira*
- *Coa execución deste proxecto, Portos de Galicia fomentará unha maior operatividade nos peiraos da zona que comprende a futura lonxa*
- *A aprobación do orzamento destinado a este proxecto é un paso máis dado pola Xunta para a súa axilización*

O Consello da Xunta deu luz verde á licitación das obras da lonxa de Ribeira autorizando o gasto de máis de 15. 700.000 euros distribuído en catro anos para a redacción do proxecto e a execución das obras. Deste xeito a Consellería do Mar aposta por reforzar a comercialización e dá outro paso máis para axilizar a súa construción e atender unha antiga demanda dos usuarios do porto desta localidade.

Coa execución deste proxecto, Portos de Galicia fomentará unha maior operatividade nos peiraos da zona que comprende a futura lonxa, a posta en valor e explotación das instalacións, e o desenvolvemento das áreas próximas ao edificio e do porto en xeral. Farao a través dunha mellora na circulación rodada e na comercialización e tamén mediante a integración e protección ambiental do contorno, do control de accesos e aparcamentos e da ordenación da actividade e instalacións da lonxa.

Para iso, Portos de Galicia prevé realizar no recheo anexo ás instalacións do Club Náutico unha estrutura con tres superficies diferenciadas. Unha é a planta semisoto, destinada ao aparcamento e outra a planta baixa, na que se situará a fábrica de xeo, as áreas de exposición, venda, poxa e expedición, ademais de cuartos de exportadores, e aseos e oficinas. Por último, a planta primeira contará con máis cuartos de exportadores, laboratorio, almacén de caixas e cafetería, entre outras instalacións.

Procedemento de licitación

O procedemento de licitación para a redacción do proxecto e a execución das obras da nova lonxa será mediante concurso público de proxecto e obra. Para a súa elaboración o consello da Xunta autorizou unha cantidade de 15. 700.000 euros sen IVE distribuída en catro anos destinando 500.000 euros para o 2010, a cantidade de 5 millóns de euros para 2011, o mesmo para 2012 e 5 ' 2 millóns de euros para 2013.

Antecedentes

No 2005, Portos de Galicia rematou as obras de ampliación da explanada de servizos do porto de Ribeira, que comprenderon a construción de novos peiraos de atracada e a creación dunha nova explanada de servizos na que agora se vai construír a nova lonxa. Nese mesmo ano realizouse unha análise da situación operacional na lonxa de Ribeira que detectou carencias na instalación actual. Este estudo foi actualizado no 2008 para fixar con exactitude as necesidades dunha nova instalación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Aínda así, nos últimos catro anos, a falta de acordo entre o goberno anterior e os axentes implicados tiveron o proxecto paralizado, polo que a aprobación do orzamento destinado a este proxecto é un paso máis dado pola Xunta para a súa axilización. Previamente, para a definición do proxecto Portos de Galicia reuniuse cos sectores implicados e tamén lles solicitou as súas suxestións.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 26 MILLÓNS DE EUROS NA IMPLANTACION DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA GARANTIR QUE CIDADÁNS E EMPRESAS POIDAN ACCEDER Á TRAMITACION TELEMÁTICA INTEGRAL

- *Plan de Modernización da Administración Pública, que prevé accións ata o 2013, presentouse hoxe no Consello da Xunta*
- *A extensión do uso das novas tecnoloxías permitirá a creación dun punto único de atención ao cidadán a través da web institucional*
- *No 2010 está prevista a eliminación da petición de documentación básica, reducindo procedementos e xestións*
- *Este ano os empregados públicos estarán acreditados dixitalmente*
- *No 2011 o 100% dos procedementos da directiva de servizos o 20% das subvencións poderanse tramitar telematicamente, como vía alternativa á xestión presencial*

O Plan de Modernización da Administración Pública da Xunta de Galicia, dotado con 26 millóns de euros ata o 2013, ten como obxectivo acadar o desenvolvemento da Administración electrónica estendendo o uso das tecnoloxías para ofertar novos servizos e mellorar os actuais, acelerando a tramitación de procedementos e facilitando a participación e a información da cidadanía en tempo real. Así se recolle nun informe presentado esta mañá no Consello da Xunta, no que se explican as accións previstas para acadar o despregamento da Administración electrónica e que se estruturan en catro eixes de actuación, 12 áreas de traballo e 33 programas.

O plan contempla como obxectivos prioritarios para este ano a regulación normativa da eAdministración, recollida nun decreto cuxo borrador foi presentado hoxe no Consello da Xunta e que se aprobará proximamente. Ao longo deste ano dotarán os traballadores da Administración do certificado dixital de empregado público que lles permitirá ser identificados como tales e empregar a sinatura dixital nos documentos administrativos. Tamén se configurará a sede electrónica, que implica que unha parte da web institucional quedará configurada como unha oficina virtual e porase en marcha o sistema de tramitación telemática dos procedementos administrativos. Outra das liñas estratéxicas deste ano é acadar a eliminación da petición de documentación básica como o DNI, o certificado AEAT, e a creación dun punto único de atención ao cidadán.

No 2011 as prioridades son acadar que o 100% dos procedementos da directiva de servizos (aqueles procedementos vinculados a emprendedores) e o 20% das subvencións se xestionen telematicamente. A consolidación da carpeta do cidadán e as empresas, que permite o acceso aos trámites e documentación en poder da Administración son tamén obxectivos para o vindeiro ano. Ademais, consolidarase o Sistema de Xestión de Persoal Unificado, a Intranet, a Oficina do Empregado Público e os procedementos SERI (servizos de resposta inmediata) telemáticos. As xestións coa Administración a través da internet preséntase como vía alternativa para axilizar os tempos de resposta ao cidadán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Ámbitos de desenvolvemento**

A interoperabilidade é outra das características esenciais da eAdministración e implica compartir información e documentos en poder da Administración e a eliminación do requerimento de petición desta. Isto suporá a mellora da información administrativa evitando solapamentos e duplicidades, unha maior calidade do servizo e a eliminación de barreiras burocrática grazas á consolidación do expediente dixital único do cidadán.

As medidas para o desenvolvemento da eAdministración leva consigo actuacións que afectan a catro colectivos: o empregado público, a cidadanía, a empresa e a Administración Local. No primeiro caso, o obxectivo é dotar os traballadores das ferramentas informáticas adecuadas para asegurar o desenvolvemento axeitado da súa actividade no novo escenario tecnolóxico. En canto á cidadanía, as liñas de traballo son a posta en marcha dun rexistro telemático integrado co rexistro xeral, a constitución da sede electrónica da Xunta, promovendo a web institucional como canle de información de todos os departamentos da Xunta, e posta en marcha da carpeta do cidadán que permite o acceso personalizado á situación da tramitación e documentación en poder da Administración. Medidas similares se recollen tamén para as empresas, como a carpeta de empresa e a consolidación da Plataforma dos contratos de Galicia, da factura e da licitación electrónica. Tamén se traballará coa Administración local estendendo a eAdministración ao ámbito dos concellos.

Todas estas accións fan preciso garantir as adecuadas condicións legais e de seguridade dos trámites e servizos, que se recollerá nunha normativa ao respecto así como unha axeitada formación do empregado públicos, que debe coñecer as capacidades e os servizos dispoñibles para un correcto uso destes para o que se prevén actuacións formativas tanto a través da EGAP como da Intranet. Así mesmo, a Xunta actuará como impulsora e dinamizador dos novos modelos para que a cidadanía coñeza as vantaxes do seu uso e faga uso delas.

Adaptarse á evolución das novas tecnoloxías

A evolución das tecnoloxías da información na primeira década do século XXI conducen á necesidade de establecer unha nova regulación dos dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas a través de medios electrónicos. Neste sentido, a importancia do desenvolvemento da Administración electrónica no contexto actual é para o Goberno galego unha demanda recoñecida como unha necesidade. Ademais, a consecución da eAdministración é xa un obriga recollida polo Goberno estatal na lei 11/2007 de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, que supuxo un cambio significativos na Administración Electrónica en España ao sinalar que o servizo ao cidadán esixe consagrar o seu dereito a comunicarse coas entidades públicas a través dos medios electrónicos.

A posta en marcha da eAdministración é unha actuación transversal que afecta todos os departamentos e niveis da Xunta e están relacionadas con outras políticas como as de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación ou as de impulso da sociedade da información. Os ámbitos de actuación do Plan de Modernización implican a simplificación dos procedementos e a interoperabilidade inter e intra administrativa, a dixitalización dos servizos e sistemas e a adopción de medidas transversais que redunden en beneficio dos cidadáns, as empresas e a propia administración, incluíndo aos propios empregados públicos e as entidades locais.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 96 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN *HURBE* DE HUMANIZACIÓN, URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS GALEGOS

- *Os obxectivos son contribuír ao reequilibrio territorial da Comunidade, fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e recuperar os espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico*
- *O plan desenvólvese en tres tipos de programas con obxectivos e orzamentos específicos: programa de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou esta mañá ao Consello da Xunta da posta en marcha do programa de humanización, urbanización e equipamento de espazos públicos nos concellos galegos. O Plan *HURBE* 2010-2013 nace como resposta á necesidade de mellorar a habitabilidade das vilas de Galicia, que busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

O Plan *HURBE* estará dotado con máis de 96 millóns de euros (96.206.980) e un horizonte temporal de execución ata o ano 2013, aínda que se recollen anualidades no 2014 para o pagamento das obras.



Orzamento (Euros)	2010	2011	2012	2013	2014	Total
	40,8	17,1	14,5	12,1	12,1	96,2

Á hora de desenvolver esta iniciativa de humanización dos lugares públicos posta en marcha pola Consellería de Medio Ambiente será fundamental a colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e ás carencias que se presentan en materia de espazos urbanos. O plan representa a ferramenta de colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia neste eido. Deste xeito, o diálogo cos concellos será a liña de avance da Administración galega.

O Goberno galego móstrase convencido da eficacia deste proxecto, posto que a finalidade perseguida é a de humanizar as vilas, tanto as grandes como as pequenas, que máis o precisen, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas. Trátase de aplicar unha nova visión sobre as urbes galegas, unha visión enfocada no futuro e nas persoas a través da dotación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na actualidade, Galicia conta con máis de 30.000 núcleos de poboación e en moitos casos, non se desenvolven procurando a comodidade dos seus habitantes. Nese sentido, este plan busca aumentar as cotas de benestar das persoas que neles vivan mediante a mellora dos contornos urbanos.

A Xunta desenvolverá as accións que se consideren prioritarias en función da mellora da calidade de vida, o grao de influencia na dinamización económica, a necesidade e alternativas do núcleo, do concello e da comarca e colaboración doutras institucións.

Obxectivos

Mediante a implantación do Plan **HURBE**, a Xunta de Galicia acadará os seguintes obxectivos:

- Contribuír ao reequilibrio territorial e á fixación de poboación no rural, mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas.
- Fomentar a creación e mellora de espazos de encontro e goce do lecer, en condicións óptimas de calidade e seguridade para todas as persoas.
- Favorecer a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación en torno aos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade.
- Recuperar espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico.
- Potenciar a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das vilas galegas.

Para a consecución dos obxectivos estudáronse as posibilidades de actuación da Administración autonómica a nivel local entendendo as diferenzas segundo os distintos tamaños e ciclos poboacionais dos diferentes núcleos urbanos, centrándose nos que teñen menos capacidade financeira para desenvolver este tipo de actuacións.

Tres eixes de actuación

O Plan **HURBE** está articulado en tres programas de actuación con obxectivos e recursos concretos e específicos, así como con actuacións complementarias: programa de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos.

Equipamentos públicos. A Xunta de Galicia posibilitará a execución de equipamentos urbanos municipais centrándose naqueles de carácter cultural e social, tales como auditorios, pazos de congresos, centros multiusos ou casas da cultura.

Humanización de rúas. Tamén se potenciará a mellora da calidade e a seguridade das rúas, así como da súa habitabilidade, a través dun axeitado desenvolvemento comercial e económico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Mellora de espazos públicos. A súa finalidade é redeseñar os espazos públicos abrindoos a novos usos como áreas de interacción social. Con esta medida actuarase sobre prazas e outros espazos nos que se detecte unha necesidade de posta en valor ou acondicionamento. Neste eido terase especial preocupación por aqueles que teñan un interese histórico, artístico ou arquitectónico aínda que non será condición excluín-te.

Cómpre subliñar que o Plan *HURBE* 2010-2013 está incardinado na acción global da Xunta e en clave de complementariedade con outros programas de equilibrio territorial, como o Plan *MOVE*, o Plan estratéxico de infraestruturas do medio rural, os plan de impulso a Ferrol, Lugo e Ourense ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o organismo competente encargado da realización de actuacións deste programa que ten por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A articulación administrativa será a través do desenvolvemento de convenios de colaboración coas administracións locais. Estes convenios establecerán os compromisos e competencias de cada unha das partes, así como as anualidades orzamentarias perceptivas.

A COMISIÓN AUTONÓMICA DE FARMACIA E TERAPÉUTICA COORDINARÁ O PROCESO DE SELECCIÓN DE MEDICAMENTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS GUÍAS FARMACOTERAPÉUTICAS DO SERGAS

- *En especial, no que se refire a patoloxías nas que se necesiten tratamentos coordinados entre os diferentes niveis asistenciais*
- *A Xunta conta así cun instrumento máis na estratexia de mellora do uso dos recursos farmacoterapéuticos posibilitando as melloras na eficiencia de prescrición e dispensación*

Coa finalidade de asesorar en materia de atención farmacéutica a Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde, e de facer o seguimento e estudo da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do sistema público de saúde, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía vén de artellar a Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica.

A Xunta conta así cun instrumento máis na estratexia de mellora do uso dos recursos farmacoterapéuticos posibilitando as melloras na eficiencia de prescrición e dispensación.

Esta Comisión está facultada para unificar os criterios de utilización de medicamentos e produtos sanitarios e elaborar os protocolos farmacoterapéuticos para patoloxías que debido ao seu impacto sanitario, social, económico, ou nas que exista variabilidade na utilización de medicamentos, faise necesario a supervisión e seguimento.

A Comisión poderá propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos en canto á calidade, seguridade e eficiencia do emprego dos medicamentos e produtos sanitarios e na equidade do acceso aos mesmos. Neste senso, este organismo vai coordinar o proceso de selección de medicamentos que se incluírán nas diferentes guías farmacoterapéuticas do Sergas, en especial aquelas referidas a patoloxías nas que se necesiten tratamentos coordinados entre os diferentes niveis asistenciais.

Engadido a todo o anterior, a Comisión deberá avaliar, con criterios de eficacia, seguridade e eficiencia, a inclusión de medicamentos de alto impacto sanitario, social ou económico nas guías farmacoterapéuticas dos centros hospitalarios, coa fin de garantir o acceso a estes medicamentos en condicións de equidade en toda a rede hospitalaria do sistema sanitario público da nosa Comunidade.

Avaliación e análise dos recursos e os perfís de prescrición

Neste contexto de acceso en condicións de equidade aos medicamentos, a Comisión fomentará a difusión da guía farmacoterapéutica entre os profesionais sanitarios e realizará as actualizacións necesarias da mesma, mediante a incorporación de novos medicamentos como a supresión doutros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Atendendo á prevaenza das diferentes patoloxías que puideran existir nos distintos ámbitos da atención sanitaria, a Comisión avaliará e analizará os recursos existentes e os perfís globais da prescrición.

Para a realización destas actividades, a actuación da Comisión debe enmarcarse dentro dun contexto de traballo e manexo da información actualizada, independente e avaliada cientificamente, de acordo coas recomendacións da evidencia científica.

A Comisión estará formada por un grupo interdisciplinar de profesionais entre os que se atoparán licenciados en medicina e cirurxía, licenciados en farmacia, e diplomados en enfermería, procurando que a súa composición sexa axeitada á normativa vixente en igualdade de xénero.

Uso racional e eficiente dos medicamentos

Segundo o informe aprobado hoxe polo Consello da Xunta referido á Comisión Autónoma de Farmacia e Terapéutica, o desafío máis importante que teñen neste momento os provedores dos servizos sanitarios nas Comunidades Autónomas é o de asegurar a calidade, a seguridade e a eficiencia na prestación farmacéutica. Para atender a este desafío, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía está a impulsar o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, garantindo que todos os cidadáns teñan o acceso aos medicamentos prescritos, cando e onde queiran, e nas debidas condicións de efectividade e seguridade.

Neste sentido, as administracións sanitarias están obrigadas a adoptar as medidas necesarias para, por un lado, instrumentar un sistema áxil, eficaz e independente que asegure aos profesionais sanitarios información científica actualizada e obxectiva dos medicamentos e produtos sanitarios; e, por outro, promover a publicación de guías farmacolóxicas e/ou medicamentos dirixidos ao público en xeral coa finalidade de mellorar o cumprimento terapéutico, evitando os riscos derivados do uso incorrecto, así como concienciar á cidadanía do valor económico do medicamento.